
CASA DA GALERÍA
ACTIVIDADES 2024

Castro de Rei
Terra Chá (Lugo)



Edita
Fundación Margarita Ledo Andión
Casa da Galería

Deseño
NUMAX Laboratorio

Imprime
Agencia Gráfica

© Dos textos, as autoras

© Das fotos: Nachok (Ignacio Castro),
Germán Limeres, Jorge Rodríguez Veiga,
Bernardo Tejeda

As fotos das inauguracións e da proxección
son de Agar Ledo, Almudena López Lorca,
Bernardo Tejeda, Matilde Arrizado
ou María Pereira. Beizóns a todxs!

O noso agradecemento ao Concello de Castro de Rei
e a Do Paraná pola súa colaboración

ISBN 978-84-09-67424-4
DL C 1809-2024

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA

FUNDACIÓN
MARGARITA LEDO ANDIÓN
CASA DA GALERÍA CCC
Rúa Emilio Sinde 8-9
27250 Castro de Rei
Terra Chá

CASA DA GALERÍA ACTIVIDADES 2024

A Casa da Galería **# 05**

2024: un verán que chega até o outono

—

Paisaxe interior [debuxos que escriben versos]
de Luis Moscardó **# 09**

—

Presentación de *Prefiro condenarme* **# 11**

Eva Veiga: *Poesía reunida de Margarita Ledo na Casa da Galería "...como se así culminara o movemento do abrazo»* **# 11**

—

Os Notábeis [á volta de personaxes
dun Castro de Rei do século pasado]
Jorge Carla, Antonio Asensi e Israel Dawood
Curaduría: Bernardo Tejeda **# 11**

Luz Darriba: *Nosoutras tamén*
NAVEGARMOS **# 21**

—

A Fundación proxecta # 27

Margarita Ledo Andión: *Un 8 de setembro hai 20 anos...* **# 29**

Faladoiro *Manuel María na memoria* **# 30**

—

2025: Aquelar o habitáculo # 31

Moscardó, con estudo en Castro de Rei, inaugura o espazo exposi
xinais realizados a partires da Antoloxía "Prefiro Condenarme" de Margarita E
da Pólvora, volume presentado no transcurso da exposición polo editor e escritor Antón
ra. Luis Moscardó é un pintor con recoñecemento internacional que adoito se inspira na paisaxe da
numerosas exposicións individuais e colectivas, presenza en feiras coma ARCO, FIAC ou CHICAGO A
rica de Luis Moscardó forma parte de coleccións de referencia coma a do IVAM, Banco de España, M
tidkunst, etc. para alén do Museo de Lugo.

De 31 de xullo a 31

Horario de visita: de 19:00 a 21:00, de venres

CONCELLO DE CASTRO DE REI

CHAN DA PÓLVORA editora

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCI



A Fundación Margarita Ledo Andión colle corpo na Casa da Galería so o signo do cinema, a cultura e a comunicación. Velaí ese CCC que nos identifica na nosa tarxeta de presentación. Trátase dunha entidade de interese galego, sen ánimo de lucro, constituída en 2023 e que, para alén da conservación, investigación e difusión da obra da investigadora, escritora e cineasta que lle dá nome, a implicación ca promoción da cultura galega en xeral e do cinema e o audiovisual en lingua galega en particular tradúcese a nivel práctico en promover e desenvolver ciclos de cinema así como exposicións, xornadas, cursos, encontros e seminarios de pensamento contemporáneo, con especial atención á produción material e simbólica desenvolvida por mulleres. Xa que logo, o programa do 2024 reflicte este desexo e exhibe a importancia de accedermos á produción diversa na que a cultura se expresa, para o caso a través da literatura, a obra plástica, o documental ou o pensamento crítico. Presentámosvos textos e imaxes das actividades realizadas por artistas, escritoras, editores e persoas que nos convidaron a unha nova ollada sobre o familiar secomasí a adestrarnos no que, talvez, nos resulte estraño. E, sobre todo, a desfrutalo.













2024: UN VERÁN QUE CHEGA ATÉ O OUTONO













FOTOS: **NACHOK**

§

PAISAXE INTERIOR [DEBUXOS QUE ESCRIBEN VERSOS] DE LUIS MOSCARDÓ

LUIS MOSCARDÓ (VALÈNCIA, 1950), CON ESTUDO EN CASTRO DE REI, inaugura o espazo expositivo da Casa da Galería, con debuxos inéditos e orixinais realizados a partir da antoloxía *Prefiro condenarme* de Margarita Ledo Andión editada polo selo Chan da Pólvora, volume que será presentado no transcurso da exposición polo editor e escritor Antón Lopo e a propia autora.

Luis Moscardó é un pintor con recoñecemento internacional que adoito se inspira na paisaxe da Chaira. Con numerosas exposicións individuais e colectivas, presenza en feiras coma ARCO, FIAC ou CHICAGO ART, a obra pictórica de Luis Moscardó forma parte de coleccións de referencia coma a do IVAM, Banco de España, Museet for Samtidkunst, etc. para alén do Museo de Lugo. Da súa colaboración con Margarita Ledo salientamos o haikú que a poeta lle fai para o catálogo da exposición *Un ceo de farrapos* que Moscardó realiza na Deputación de Lugo a partir da obra poética de Luis Pimentel.







FOTO: **NACHOK**

§

PRESENTACIÓN DE *PREFIRO CONDENARME*

PRESENTACIÓN DE *PREFIRO CONDENARME*, antoloxía poética de Margarita Ledo Andión, editado por Chan da Pólvora. Intervén o editor Antón Lopo, a poeta Eva Veiga, autora dun texto que acompaña a obra, o artista Luis Moscardó e Margarita Ledo Andión.

Mércores, 31 de xullo, ás 19:00 na Casa da Galería



Paisaxe interior [debuxos que escriben versos] de Luis Moscardó

Con estudo en Castro de Rei, inaugurará o espazo expositivo da Casa da Galería con traballos inéditos realizados a partires da obra literaria de Margarita Ledo Andión.

Presentación do libro Prefiro condenarme, antoloxía poética de Margarita Ledo Andión

Editado por Chan da Pólvora, co editor Antón Lopo, a poeta Eva Veiga e o artista Luis Moscardó.

Inauguración e presentación o mércores 31 de xullo, ás 19:00 na Casa da Galería / CCC Praza Maior 8 / 9 27250 Castro de Rei / Terra Chá

CHVN DA PÓLVORA editora · CASA DA GALERÍA - CCC · Luis Moscardó · Diputación de Lugo Cultura





Eva Veiga: *Poesía reunida* de Margarita Ledo na Casa da Galería "...como se así culminara o movemento do abrazo»

AMIGAS E AMIGOS, BOA TARDE: HONRADA E FELIZ DE ESTAR HOXE aquí con todas e todos vós acompañando a Margarita Ledo Andión, nunha data coido importante para ela, para quen a queremos e para a cultura do noso país. Para min, e para tantas persoas, un referente imprescindible que achega á nosa cultura rigor e modernidade.

Obrigada de corazón polo convite.

Escribe Pierre Seghers na súa obra *Le domaine public:*

> Une maison où je vais seul en appelant
> Un nom que le silence et les murs me renvoient
> Une étrange maison qui se tient dans ma voix
>
> Unha casa onde vou eu só chamando
> Un nome que o silencio e os muros me devolven
> Unha estraña casa que se sostén na miña voz

E velaquí que temos dúas casas: o noso rincón no mundo, a cuncha, e esa outra casa, a da escrita, que é sempre un lugar de estrañamento.

Di Bachelard na súa *Poética do espazo* que a casa é o noso primeiro universo. Universo que nos funda e que inauguramos e do que á fin partimos ben para volver ao lugar concreto ou a ese que sostén a memoria, a voz.

Margarita Ledo volve á casa, á Casa da Galería, como se así culminara o movemento do abrazo. E faino cun libro que é a síntese poética do até agora percorrido. Mais non se trata dunha viaxe e dun reencontro exclusivamente individual senón compartido. Margarita abre a casa e ofrece os seus espazos para o ben común. E inaugura este novo ser da casa —Fundación Margarita Ledo Andión— coa exposición do magnífico artista Luis Moscardó. Para quen a coñecemos este agasallo ao colectivo é absolutamente coherente coa súa personalidade: xenerosa no amplo e profundo sentido da palabra. Di Josep

María Esquirol que a xenerosidade determina a madureza dunha sociedade. E entendemos aquí xenerosidade como a acción de crear e ofrecer.

Margarita Ledo é unha creadora, non só porque xera co seu traballo unha achega impagable ben sexa como xornalista, docente, investigadora, narradora, ensaísta, poeta ou cineasta, senón porque coa súa obra, sexa cal for o xénero de expresión, Margarita fornécenos dunha ollada diferente, singular, de percibir e interpretar a realidade. Ela fainos ver o que fica invisible, tamén ocultado, conmove a estrutura mental, as categorías a través das que adoito miramos.

Toda a súa obra vibra co seu estilo persoal, se ben agromando dende un profundo e amplo acervo intelectual que pon a súa escrita ou o seu cinema en avangarda: non só en sintonía coa contemporaneidade, senón que sempre vai un paso máis aló. Tal vez porque nunca se afasta do real, do que acontece, para descubrirlle as costuras e as fendas menos evidentes. Neste sentido, é fundamental, coido, a forma que o tempo adopta na súa obra, especialmente na poesía e no cinema: non é unha liña recta, senón un círculo ou unha espiral onde pasado, presente e futuro cohabitan no mesmo poema, na mesma secuencia; modos temporais que se miran, que se interpelan, que se abrazan... Do mesmo xeito que se anelan experiencias que, aparentemente afastadas, resoan e sentémonos nesa frecuencia de onda, porque a escrita de Margarita é nomeadamente solidaria. Ponse no lugar da outra, do outro, de toda outredade. Un eu múltiple que se sabe a facer parte da comunidade, da Nación, do mundo e sempre dende unha insubornable perspectiva de xénero.

Sen dúbida, ningún lugar máis certo para a presentación deste libro que ao amparo da casa, do niño onde a forza do amor e do desexo fixeron nacerlle as ás, o lugar entrañable onde a nai pronuncia o seu «non serviam», mais coa profundidade que desafía o eterno e asume as consecuencias. Esta posición revolucionaria, tanto no sentido ético como político é, asemade, maneira real de liberar a dor e a impotencia, transformándoa en acción de resistencia e loita por un mundo mellor. Eis o magma que bule por dentro e que decote busca a forma de expresarse, en continua metamorfose: na poesía, no ensaio, no cinema... Porque como ela di: «Tamén eu prefiro condenarme, mamá».

Un magma que non é unha masa indefinida, senón como ela escribe,

> Hai momentos, ou acontecementos, que sempre están aí. O corpo, o noso arquivo máis prezado, acólleos e actívaos. É o que que adoito identifico, cando fago ensaio ou filmes sobre nós, as mulleres, na frase «o corpo como documento».

En efecto, así, o título deste libro que reúne obra poética de Margarita Ledo, *Prefiro condenarme*, está xa a ser non só poema, senón o novo e homónimo filme de Margarita. Un rito de resistencia —parafraseando a Luísa Villalta— e un recordatorio para estes tempos atravesados por unha estulta amnesia que aniña perigos certos para o libre exercicio de vivir das mulleres e non só. De igual modo, o xesto que o verso atesoura, «aquela man no van», é o mesmo que, no seu filme *A cicatriz branca,* o seu protagonista Antón Moreda —interpretado polo grande actor Xavier Deibe e que se nos acaba





de ir— pousa sobre o van de Merce, a migrante galega que atopa o seu verdadeiro ser cando devén cega.

Como vedes non falei case nada do libro. Recomendo vivamente lelo e experimentalo porque este poder operativo de pasar polo corpo é característico en toda a creación de Margarita Ledo Andión. Sen dúbida, unha das voces máis orixinais , esixentes e conmovedoras da poesía contemporánea. Unha poesía da complexidade, trenzada de compromiso e tenrura.

Tedes, temos aquí un libro marabilloso. Non no senso do termo, senón no sentido etimolóxico de admirable, de prodixio. Porque *Prefiro condenarme* é unha sorte de milagre como o é toda a grande poesía, a que Luís Pimentel, tan caro á nosa autora, definiu en verso memorable: «A poesía é o gran milagre do mundo».

§

«OS NOTÁBEIS» [Á VOLTA DE PERSONAXES DUN CASTRO DE REI DO SÉCULO PASADO]

Inauguración e debate: mércores, 4 de setembro ás 19:00 na Casa da Galería
Sesión-debate coa artista plástica Luz Darriba: análise e posta ao día de "Os notábeis" dende a perspectiva de xénero

SO A CURADORÍA DE BERNARDO TEJEDA, artista plástico de Castro de Rei, recupera o proxecto realizado na Granxa Tejeda pola @serigrafiamediosalvaje onde confluíron os artistas Jorge Carla, Antonio Asensi e Israel Dawood en 2015. Tratábase da realización de serigrafías sobre soporte téxtil intervindo as pezas sen consenso previo entre eles e de forma automática, co obxecto de xogar/investigar no concepto de autoría da peza de arte. Durante o proceso fóronse mesturando as mais variadas iconografías. Entre elas aparecen uns retratos tirados dun libro sobre unha historia de Castro de Rei e que foron incluídos con todo o resto, dando lugar a un grupo de pezas que son as que agora se mostran e constitúen un corpus separado dentro do conxunto total de obras asinadas polo tres artistas radicados en Valencia.











FOTOS: **GERMÁN LIMERES**

Luz Darriba
Nosoutras tamén NAVEGARMOS

ENTENDO QUE PARA A MIÑA PARTICIPACIÓN NO PROXECTO «OS NOtábeis» debo facer unha pequena viaxe no tempo, que comeza con Calar as nosas voces. «Nós tamén NAVEGARMOS» intenta introducir unha pequena reflexión sobre o silenciamento das voces femininas ao longo da historia, que se inicia coa mitoloxía grega e *A Odisea* para continuar cunha análise crítica da filosofía patriarcal que subxace na sociedade e segue, dalgún xeito, alterando as nosas vidas.

Dinos Mary Beard que Telémaco condena a súa nai ao ostracismo: —Vai para a casa e ocúpate das túas labores propias... O relato estará ao coidado dos homes. E Penélope obedece. A literatura galega en feminino aborda en diferentes análises a historia que conta Homero, comezando Por Xohana Torres e o seu poema épico *Eu tamén NAVEGAR*. Mais malia os avances, as mulleres seguemos sendo relegadas ao silencio e á invisibilidade en múltiples ámbitos.

A figura de Penélope simboliza o noso ancestral silenciamento. Este patrón non só se repite na literatura, senón tamén na realidade contemporánea do que é mostra a situación das mulleres en Afganistán baixo o réxime talibán que, nun documento de máis de 100 páxinas e 35 artigos, abondan disparatadas prohibicións impostas ás mulleres para rematar coa máis cruel e desmedida: prohíbeselles a voz pública, reflexo de sistemas opresivos que continúan existindo en todo o mundo.

Falamos tamén da opresión das mulleres negras, destacando o que sufrían tanto pola súa raza como polo seu xénero e dando voz a figuras como Sojourner Truth, cunha existencialidade marcada por múltiples capas de asoballamento.

Na nosa intervención, que agora resumimos, avanzamos a través do tempo mencionando filósofos como Aristóteles e Hobbes (aínda que tamén Marx e Engels; Bakunin e Proudhon), quen reforzaron as ideas patriarcais que sustentan e xustifican o silenciamento das mulleres. E as mulleres somalís, e as sudanesas e as palestinas...

A falta de representación feminina nas narrativas históricas é un tema central neste pequeno texto, porque sempre se ignoraron ou minimizaron as contribucións das mulleres. Convidamos, xa que logo, á reflexión sobre e a necesidade de rescatar e dar visibilidade ás nosas voces que, malia os obstáculos, sempre tiveron un papel activo en todas as sociedades.

Mencionamo, aínda, a historiografía feminista que nos recorda a falta dun «suxeito político feminino» en moitos contextos teóricos. Rescatamos



FOTO: **JORGE R. VEIGA**

a contribución de activistas como John Stuart Mill ou a análise de Angela Davis sobre a interseccionalidade entre raza e xénero. Quixemos por en relevo que malia todo, durante milenios, as mulleres non só estivemos, senón que o fixemos de maneira activa, militante, participativa, comprometida con todas as causas sociais. E, nese senso, destacamos a gran, a enorme voz guillotinada de Olympe de Gouges, unha burguesa que foi moito máis aló dos revolucionarios burgueses do seu tempo.

Olympe de Gouges preguntouse e inquiriu á sociedade toda sobre o papel das cidadáns, esas que non entraban no slogan de Liberté, Egalité e Fraternité. Olympe de Gouges escribiu a Declaración de dereitos da muller e da cidadá, un aporte extraordinario ao feminismo, aínda que non se conformou con iso, senón que reclamou a abolición da escravitude e a liberación, por parte de Francia, das súas colonias. Todo este despregue de xustiza custoulle a cabeza.

E falando da Revolución francesa, apuntamos a un episodio non demasiado coñecido desa epopea, que pon o foco, unha vez máis, na extraordinaria capacidade de loita das mulleres. Por iso no apartado «As caladas berran», contamos que na mañá do 5 de outubro de 1789, unha chea de mulleres, enfurecidas pola escaseza de víveres e o prezo do pan se dirixiu ao Faubourg Saint-Antoine, ao leste de París, armadas con coitelos de cociña, dispostas a deixar moi claro que elas tamén estaban alí. As mulleres as máis «viles, as verduleiras», non as burguesas nin as intelectuais, tiñan por meta facer parte da historia e andaron a pé os 25 km que separan París de Versailles. Aproximadamente unhas 10.000 chegaron e obrigaron ao rei e a toda a familia real a volver apresados con elas a París. A igualdade na revolta, entre as clases sociais derrocando a tiranía, constituí un forte símbolo na historia da humanidade.

FOTO: JORGE R. VEIGA








E non calamos, aquí nin en ningures. Revoltas da fame como a das mulleres do Saviñao, no medio dun famento e desgraciado fascismo, marcan de xeito indelébel o noso paso pola historia. Mulleres impedindo a saída dos camións que levaban o grao cos seus propios corpos na «Revolta do centeo de Escairón», en 1946, un motín de subsistencia onde «Elas» levaron o peso da mobilización, explícanos a historiadora María Jesús Souto Blanco. Souto Blanco destaca o papel feminino neste tipo de protestas habitual na Galiza de finais do século XIX e até mediados do XX: «A presenza feminina respondía á función social de xénero que transformaba á nai en provedora das necesidades familiares e en defensora, polo tanto, dos intereses materiais colectivos».

Lembramos as bravas Nais de Praza de Maio... E as nais que loitaron contra o trafico de drogas na Galiza... E as nais de Cidade Juárez, en México... A loita pola igualdade e os dereitos das mulleres, subliñada a través dos exemplos históricos e contemporáneos, serve como recordatorio de que a historia das mulleres non é trivial, senón unha parte decisiva da historia humana.

E para rematar cun exemplo bravo de rescate das nosas voces e as nosas vidas soterradas, poñemos en valor un fermoso proxecto in progress da Rede Museística Provincial de Lugo. Mulleres pasadas e presentes da provincia agochadas durante séculos saen á luz, miradas, desta volta, con lentes violeta. As que serviron dende nenas nos pazos, as que aleitaron os fillos dos ricos. As que sempre estiveron e fixeron medrar o mundo porque iso é o que facemos as mulleres dende o comezo dos tempos.

O finalizamos cunha nota de esperanza xa que, malia os intentos de silenciamento, as voces femininas sempre acharán a maneira de ser escoitadas. A conclusión subliña a importancia de seguir loitando pola igualdade e a xustiza, reafirmando que as mulleres sempre navegarán e seguirán reclamando o seu lugar na historia. Nosoutras tamén NAVEGARMOS!!!






§

A FUNDACIÓN PROXECTA

PROXECCIÓN, POLA PRIMEIRA VEZ EN CASTRO DE REI, DO DOCUMENTAL *Manuel María: eu son fala e terra desta miña terra,* de Margarita Ledo Andión (2005/2016), producido por Nós, p.c.g. e que, entre os seus materiais, conta cunha intervención artística no ano 2005 de Bernardo Tejeda: *Bandeiras no Río Azúmara.*




GALIZA



Margarita Ledo Andión
Un 8 de setembro hai 20 anos...

CONMEMORAR, VOLVER PASAR POLO CORAZÓN, FRASE QUE NOS AGA-salla Eva Veiga, é celebrar a vixencia da obra de Manuel María, o poeta, escritor, articulista, animador de convivios, conversador ... que andou e entrañou de tal modo a Chaira que deveu o seu símbolo. Deixounos un 8 de setembro hai 20 anos, e un 10 de setembro, hai 2 anos, deixounos Saleta, a súa compañeira, que foi veciña deste concello. Por iso, a terceira actividade da Casa da Galería, neste primeiro ano de andaina, convoca unha mesa, como as moitas mesas nas que Manuel ten participado, con tres persoas moi próximas a quen nos convoca. Unha delas é Alberte Ansede, presidente das Fundación Manuel María, que en 2005, en representación da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, AS-PG, fixérame a encarga do documental que veremos e presentaremos a seguido; Marica Campo, que foi profesora no colexio de Castro de Rei (algures dise que foi acó onde decide escribir en galego), poeta, narradora e columnistas que podedes ler en *El Progreso,* Premio da Cultura Galega no 2022, e a ensaísta, profesora *ad honorem* da Universidade da Coruña e moi activa a prol dos dereitos lingüísticos, en institucións nacionais e internacionais, Pilar G. Negro.

Para un retrato, como o filme que imos proxectar, a persoa debe participar, ollar a cámara, decidir como quere que o vexamos. Neste caso faise a través da propia voz e das imaxes da personaxe, Manuel María; dos lugares que o habitan, do ronsel que o prolonga ate nós e dunha instalación artística de Bernardo Tejeda, que se materializou unha tarde acó ao pé, no río Azúmara, un ritual que permanece nesta película.

Aproveito parra darvos as grazas pola acollida que tiveron as dúas exposicións canda este evento e pola vosa implicación en partillar un novo espazo de cultura e comunicación, a Casa da Galería.

Como dicimos na Chaira, ate outra e mellorada.

§

FALADOIRO MANUEL MARÍA NA MEMORIA

NA MEMORIA, AOS VINTE ANOS DO pasamento do poeta-símbolo da Chaira, a Fundación reuniu persoas lectoras, amigas e expertas na obra de Manuel para falarnos da mesma en presente: Marica Campo, Pilar García Negro e Alberto Ansede, presidente da Fundación Manuel María

Faladoiro // Mércores, 11 de setembro, ás 19:00 h no Centro cultural Xosé Manuel Carballo





2025: AQUELAR O HABITÁCULO



SE INVENTARIAR E CATALOGAR OS fondos Bibliográfico-documentais e pictóricos, escultóricos, gráficos, fotográficos e cinematográficos que constitúen o acervo a conservar é necesario para actividades de pesquisa, de formación, de divulgación e mais creativas, queremos facelo en paralelo á súa mostra pública. Por iso no 2025 programamos a exposición do fondo fotográfico e bibliográficos custodiados na Casa da Galería canda o arranxo dun espazo de consulta para as persoas que queiran achegarse a libros, revistas, catálogos ou traballos diversos sobre os universos da fotografía.

FOTO: BERNADO TEJEDA



FUNDACIÓN
MARGARITA LEDO ANDIÓN
CASA DA GALERÍA CCC

Rúa Emilio Sinde 8-9
27250 Castro de Rei
Terra Chá

FOTO: GERMÁN LIMERES